



ANUNCIO DE CONVOCATORIA DE ELECCIÓNS Á PRESIDENCIA DA P.C. BIKESTRADA

De conformidade co previsto no artigo 10 dos Estatutos e segundo se informou na última asemblea xeral celebrada con data 17/02/2.024, **convoco eleccións á Presidencia** da “**PEÑA CICLISTA BIKESTRADA**”.

Convocadas eleccións no día de hoxe, 4 de xuño de 2.024, queda publicada na web do club a lista co Censo Electoral (listado de electores e elixibles). Serán electores e elixibles tódolos socios de número que se encontren ó corrente de pago das cotas sociais establecidas.

Establécese un prazo de 7 días hábiles, ata o 14 de xuño de 2.024, para presentar calquera reclamación sobre o censo (mediante e-mail a bikestrada@bikestrada.com). Resoltas estas reclamacións e dando por firme o Censo Electoral, non se poderán realizar impugnacións de ningún tipo referidas ó mesmo.

O prazo para presentar candidaturas será dende o día **5 de xuño do ano en curso** ata o día **20 de xuño do mesmo ano**. Para poder presentar unha candidatura a Presidente, é necesario formar parte do Censo Electoral.

A comunicación da candidatura farase por escrito dirixido á actual Directiva mediante envío postal ó domicilio social do club (Avda de Santiago nº 11 baixo, 36680 A Estrada (Pontevedra) ou mediante e-mail (bikestrada@bikestrada.com), quen procederá a súa publicación na páxina web do club, para poñela en coñecemento de tódolos membros do club.

As eleccións terán lugar o venres 21 de xuño de 2.024, na ASAMBLEA XERAL EXTRAORDINARIA que se celebrará en primeira convocatoria ás 20.00 h e, en segunda convocatoria, ás 20.30 h, Restaurante Samaná (no salón para eventos), Rúa Gradín nº 45, 36680 A Estrada (Pontevedra), ca seguinte orde do día:

Punto 1 .- Presentación das candidaturas a presidencia.

Punto 2 .- Votación presencial e elección do Presidente.

Punto 3 .- Proclamación do Presidente.

A mesa electoral estará formada polo de maior e menor idade dos presentes.



No caso de existir unha soa candidatura, non será preciso celebrar votacións, proclamándose Presidente o candidato único o día fixado para a votación.

Un vez sexa proclamado o presidente, e de acordo ó apartado segundo do artigo 12 dos estatutos, o presidente nomeará ós membros da xunta directiva, debendo dar conta diso na primeira Asemblea Xeral que se celebre.

Dende este mesmo momento, a Xunta Directiva actual exercerá os seus cargos en funcións ata a elección do novo Presidente.

As accións da Xunta Directiva estarán limitadas ós actos necesarios e imprescindibles para o mantemento das actividades normais do club e ó cumprimento das obrigas económicas do mesmo.

A Estrada, a 4 de xuño de 2.024

O PRESIDENTE

Asdo.- Juan Carlos Vilarinho Santos